

# EXPOSICIÓN ORAL

## Normas xerais

Todo o alumnado deberá realizar unha breve exposición oral sobre un aspecto moi concreto relacionado cos contidos do curso. Nesta exposición –arredor de cinco minutos- o alumnado poderá apoiarse en imaxes que faciliten a súa intervención, así como consultar un breve guión dos aspectos a tratar.

Para cada unha das unidades temáticas do curso ofrécense suxerencias sobre posibles temas para esta actividade, pero o alumnado pode elixir outros en función dos seus intereses, sempre e cando se trate de aspectos relacionados cos contidos traballados na clase.

Para evitar aglomeracións a final de curso, nos primeiros días de clase quedarán distribuídos os temas entre o alumnado e fixadas as datas aproximadas das intervencións, pois estas deben coincidir co traballado na clase para que sirvan de complemento e ampliación tanto para a persoa que faga a exposición como para o conxunto da clase.

A finalidade desta actividade é dar cumprimento tanto a un dos obxectivos da programación do Departamento de Xeografía e Historia como ao do PEC e da Programación Anual do centro, documentos nos que se insiste na necesidade de que o alumnado exercite e mellore a súa capacidade de comunicación oral.

Como se trata dunha actividade obrigatoria, a súa cualificación máxima será ata o 10% da nota correspondente ao tema co que se relacione a exposición. Por exemplo: se a exposición oral é sobre un aspecto do tema 4, a nota –ata 1 punto- súmase á nota dese tema no que tamén poden incluírse, ademais da proba escrita, os traballos voluntarios realizados.

## **MEDIDAS PARA CONSEGUIR UNHA BOA INTERVENCIÓN ORAL**

- ✓ Preparar ben a intervención. Concretar os aspectos que queiras tratar
- ✓ Elaborar un guión
- ✓ Ensañar en voz alta na casa, ben ante alguén que te escoite ou gravando a exposición nun ordenador ou teléfono
- ✓ Falar a modo, sen acelerarse, facendo pausas para que os compañeiros e compañeiras da clase poidan entenderte ben e tomar notas
- ✓ Son importantes os xestos, pois as mans e a expresión facial axudan a facer máis comprensible a túa mensaxe. Pensa que estás dirixíndote á toda a clase, polo que debes mirala
- ✓ Utiliza materias de apoio (fotos, mapas, debuxos...) ou presenta os contidos básicos da túa intervención nun programa tipo PowerPoint
- ✓ Axústate ao tempo previamente establecido
- ✓ Fala como o fas habitualmente sen empregar expresións complicadas ou raras, e moito menos memorizadas sen coñecer ben a súa significación
- ✓ Ao finalizar responde as preguntas que poidan facerche os teus compañeiros

## **EVITAR OS ERROS MÁIS FRECUENTES**

- Desorganización nos contidos
- Voz baixa e mala modulación e vocalización
- Excesivo nerviosismo pola falta de seguridade e preparación
- Inadecuada presentación persoal
- Dirixirse unicamente a unha parte da audiencia
- Excesiva lectura das notas ou das diapositivas do PowerPoint

## RÚBRICA PARA AVALIAR A INTERVENCIÓN ORAL

<b>CATEGORÍA</b>	<b>MOI BEN (1,00)</b>	<b>BEN (0.75)</b>	<b>SUFICIENTE (0,50)</b>	<b>DEFICIENTE (0,25)</b>
<b>CONTIDOS</b>	Bo dominio do tema, non comete erros, está seguro	Coñece ben partes do tema, comete algún erro	Inseguro na exposición dos contidos, dubida e rectifica	Descoñece moitos aspectos do tema e comete moitos erros
<b>INTERESE</b>	Consegue que a clase lle escoite con atención	Consegue interese inicial, pero vaise predendo a medida que avanza a intervención	Cústalle moito conseguir e manter a atención do grupo	Non consegue motivar á clase para que atenda e escoite
<b>ORALIDADE</b>	Voz clara e alta, boa entonación e vocalización	Boa voz e vocalización	Custa entender algunhas partes por falta de voz ou vocalización	Apenas se entende o que trata de explicar
<b>POSTURA</b>	Moi correcta, expón con tranquilidade e diríxese visualmente a todo o grupo	Bastante boa e case sempre mira aos oíntes	Correcta pero case nunca se dirixe ao conxunto da clase	Mala postura e non mira ás persoas que lle están escoitando
<b>TEMPO</b>	Perfectamente axustado	Un pouco mal calculado, polo que debe apresurarse ao final para poder completar o guión	Mal axustado, excesivamente curto	Excesivos contidos para o tempo asignado, polo que quedan moitos sen tratar
<b>SOPORTE</b>	Moi adecuado, atractivo e ben seleccionadas as imaxes	Imaxes correctas, adecuadas e de interese	Imaxes correctas	Non presenta imaxes ou son inadecuadas
<b>SECUENCIA DA INFORMACIÓN</b>	Información moio ben organizada de forma clara e lóxica	Bastante ben organizada, aínda que con algúns fallos	Falta un plan claro de organización da información	Falta total de organización da información